



O Concello de Santiago de Compostela en colaboración co comercio de Compostela quere reforzar a participación no programa Colecamiños – Camiño Escolar Seguro e premiar os escolares que realicen unha mobilidade responsable e sustentable para acudir cada día con Moito Olliño aos seus respectivos centros escolares.

BASES PARA PARTICIPAR NO CATÁLOGO DE CAMIÑOS ESCOLARES SEGUROS

Poderán participar no catálogo de puntos todo os nenos e nenas de calquera idade que acuda ao colexio camiñando, en bicicleta ou en patinete polos camiños escolares sinalizados para facelo. Todos os participantes deberán anotarse na APP web colecaminos.santiagodecompostela.gal para obter a pulseira que contabilizará os seus Olliños e avisará as familias da súa chegada ao centro escolar.

O proxecto Colecamiños naceu especialmente para os nenos e nenas maiores de 8 anos, que poidan ir gañando autonomía no seu día a día. De haber familias que estean dispostas a chegar de forma sostible ao colexio e acompañando os seus fillos de menos idade, valorárase a posibilidade de adxudicarlles pulseiras aos máis pequenos/as. Neste caso sería bo que no centro se designen policías amigos que lles axuden a pasar a pulseira polo lector.

FORMA DE OBTER OS PUNTOS = OLLIÑOS

- No comezo do curso escolar darase unha semana para que as familias interesadas poidan rexistrarse para participar no proxecto e a seguir entregaránselles as pulseiras aos escolares inscritos nos propios centros.
- Os premios serán clasificados por Olliños. O menos valorado estará entre os 30 e 69 Olliños e o máis valorado alcanzará os 150. Os comercios facilitarán os seus obsequios e número de unidades dispoñibles. Será a Policía Local a encargada de clasificalos en cada bloque polo seu valor e atractivo.
- Asignarase 1 punto = 1 OLLIÑO por cada día que o neno ou nena acuda ao colexio camiñando, en bicicleta ou en patinete e pase a pulseira polo punto de control situado á entrada de cada colexio.
- Estes puntos = OLLIÑOS poderanse trocar polos descontos ou agasallos que recolle o catálogo de puntos publicados na web do Colecamiños e nas webs do comercio.
- A fórmula de troco de puntos, que será especificada previamente, pode ser diferente en cada Comercio Amigo,
 - a. Directamente na tenda, a través da plataforma web.



- b. Entrega única nun acto público.
- c. Enviar vales ao Departamento de Educación Viaria.
- Unha vez acadados o puntos para obter o agasallo desexado haberá que acudir ao comercio elixido ou seguir a fórmula de entrega que indique a web.
- Unha vez trocados os puntos restaranse do total de Olliños que o neno ou nena leven acumulados ata esa data. Por exemplo, se teño 90 e o agasallo está valorado en 85, pois pasaría a ter 5 Olliños na súa bolsa.
- Os primeiros escolares que acaden 20 Olliños terán acceso a un regalo extra sen que se resten do número de Olliños acumulados.
- Hai un número limitado de premios para cada número de Olliños, polo que unha vez esgotados deberanse trocar por outros agasallos do catálogo.

ACLARACIÓNS IMPORTANTES

- A cada neno ou nena correspóndelle unha pulseira para o todo tempo que participe como usuario do Colecamiños. No caso de perdela, o custo da seguinte terá un desconto de 10 Olliños do seu expediente. Quedará exento desta cláusula o mal funcionamento ou deterioro da pulseira.
- A policía comprobará aleatoriamente que os escolares camiñaron efectivamente ao colexio no día que pasaron a pulseira polo lector. De ter constancia de que chegaron ao colexio en vehículo perderían a totalidade dos puntos acumulados ata ese día.
- Os Olliños só se poderán trocar unha vez acadados os Olliños desexados para o cambio. Non está permitido reservar o agasallo ata ese día.
- A data de finalización dos trocos de Olliños por agasallos será establecida polo equipo de Educación Viaria do Concello e nunca poderá pasar do 30 de xuño.
- Ao comezo de cada curso escolar o contador volverá a cero.